

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 45

ano 7

marzo-abril 2013

Os arquivos das institucións penitenciarias (II) O FONDO DA PRISIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Unha das actividades de instrución dirixidas ao “meio-ramiento físico, intelectual y moral de los reclusos” que a duras penas se desenvolveron na **Prisión Provincial de Ourense** nos anos posteriores á Guerra Civil (1936-1939) foi a **“lectura en común”**. Esta práctica iniciada en 1940 pretendía aproximar o hábito lector á poboación reclusa salvando o problema que supoñían o seu baixo nivel educativo e o analfabetismo. Realizábase en grupos de 25 presos e a asistencia era obrigatoria, polo que o grao de atención dos oíntes era moi dispar. Nun informe do ano 1941 clasificábanse os asistentes en tres grupos: os que asisten con interese, os que asisten indiferentes e os que o fan por obriga ou forza maior.

A “lectura en común” incluía-se dentro dun grupo de actividades (escola, coro, conferencias, ximnasia sueca, formación relixiosa...) que, en teoría, tiñan como fin reformar, reeducar e rexenerar o delincuente para a súa reinserción social. Esta **finalidade rehabilitadora** da pena de prisión que ía máis alá do mero castigo (finalidade retributiva) xa fora formulada por certos ilustrados do século XVIII, pero tardou en incorporarse á normativa penal e penitenciaria. No caso español non se plasmou explicitamente ata a promulgación do *Reglamento penitenciario de 1948*, se ben a *Ordenanza de Prisiones de 1834* xa recollía o fin correccional da prisión ao recomendar o establecemento de escolas de primeiras letras dentro dos cárceres e a asistencia dun capelán aos presos. A creación de talleres nos que os reclusos aprendían un oficio orientábase na mesma dirección.

A **ditadura do xeneral Franco** encontrou nestas actividades de instrución un medio ideal para adoutrinar a poboación reclusa nos principios ideolóxicos do **nacionalcatolicismo**, e en particular para “redimir” e apartar do erro os **presos políticos**. Esa finalidade pode constatare na temática dos libros da **biblioteca da prisión** escollidos para as lecturas en común de 1940 que aparece no documento que protagoniza este número de *Fron da*. Trátase de 21 volumes de temática católica (Balmes, Pío XI), Historia de España (Menéndez Pelayo), política (Serrano Suñer) e narrativa (Cervantes, Palacio Valdés, Pereda, Pardo Bazán, Quevedo...). A pincelada local pona *Del Orense Anti-*

quo de J. Adrio Menéndez e a poesía redúcese ao romanceiro editado por Menéndez Pidal (*Flor nueva de romances viejos*) e as *Obras completas* de Gabriel y Galán.

No expediente do que forma parte esta lista de libros tamén se informa do **expurgo** a que fora sometido o fondo da biblioteca durante a Guerra Civil, así como da **remesa de libros** que enviara a Dirección Xeral de Prisiones en 1940, cuxa relación tamén aparece no expediente. Neste caso trátase na súa práctica totalidade de vidas de santos, proselitismo católico (Tihamer Toth, Marín Negueruela) e obras de autores falanxistas (José Antonio, Ledesma, Serrano Suñer...).

PRISIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Relación de las obras leídas en "Lectura en común" desde el 27 de abril de 1940 hasta la terminación del presente año:

ORDEN	TÍTULO	AUTOR	CONTENIDO DE LA OBRA
1ª	La Enciclopedia Cuadragésimo Año	S. S. Pío XI	Social
2ª	Pensamientos	Jaime Balmes	Filosofía
3ª	La Puchera	José M. de Pineda	Novela
4ª	Obras Completas	Gabriel y Galán	Poesía
5ª	Siete discursos	Ramón Serrano Suñer	Política-social
6ª	Isabel "La Católica"	Pradón de Nerro	Biografía
7ª	De Tereng Tao a las Fallén	Hans Rothhammer	Historia
8ª	Novelas Exemplares	Miguel de Cervantes	N. de costumbres
9ª	Las Marmotas del Cuerpo humano	S. Deliaud	Instrucción
10ª	La Alegria del Capitán Ribot	A. Palacio Valdés	Novela
11ª	Flor nueva de Romances viejos	Menéndez Pidal	Romances épicos
12ª	Inveniones e inventores	Braquiel Solana	Instrucción
13ª	Riverita	A. Palacio Valdés	Novela
14ª	Cuentos de Navidad	E. Pardo Bazán	Cuentos
15ª	El Emperador Napoleón III	Oleuve Auborg	Biografía
16ª	El Hada Alegria	Rafael Vera Roca	Novela
17ª	Del Orense antiguo	José Adrio Menéndez	Folklore
18ª	A sus ordenes mi Coronel	Concha Linari Becerra	Novela
19ª	Historia del la vida del Ducón	Francisco de Quevedo	Novela
20ª	Historia de España	M. Menéndez y Pelayo	Historia
21ª	D. Quijote de la Mancha	M. de Cervantes	Novela

P. de Orense 31 diciembre 1940

El lector,
Ant. Quinto

1940, decembro, 31. Ourense

“Relación de las obras leídas en «Lectura en común» desde el día 27 de abril hasta la terminación del presente año”.

Original: escritura humanística; castelán ; 202 x 276 mm.
AHPOu. Prisión Provincial de Ourense, caixa 12917.

As prisións provinciais

No segundo cuarto do século XIX o novo **Réxime Liberal** reorganizou o sistema penitenciario español e creou a rede carceraria do Estado. Levantou prisións de nova planta e, sobre todo, incorporou os cárceres herdados do Antigo Réxime a esta rede, como aconteceu co edificio construído no primeiro cuarto do século XIX para ser **cárcere do Concello** de Ourense. No ano 1987, a inauguración do Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar supuxo o abandono daquel vello edificio situado na actual Rúa do Progreso que funcionara durante máis de 150 anos como **Prisión Provincial de Ourense**. Foi nese momento cando boa parte da documentación histórica do antigo cárcere pasou ao Arquivo Histórico Provincial.

A pesar da **nomenclatura variable** que rexistraron os cárceres públicos das capitais de provincia durante o século XIX e principios do XX (cárcere nacional, cárcere de capital de provincia, prisión de audiencia, prisión preventiva e correccional, prisión provincial...), as súas competencias foron bastante similares durante ese período, se ben, ata o *Reglamento penitenciario de 1913* non se definen con precisión a condición e funcións das **prisións provinciais**. Este regulamento aplicaba tal cualificativo a aquelas que, situadas en capitais de provincia, tiñan como finalidade custodiar os **presos preventivos** en tanto non se tramitaba o sumario e se emitía sentenza. Tamén facían as veces de **prisión de partido** no termo do partido xudicial da localidade na que se situaban e, ademais, tiñan función de **prisión correccional** para o cumprimento de penas de arresto maior. No mencionado regulamento establecíanse seis categorías en función das condicións e número de penados, englobándose a de Ourense entre as de terceira (entre 200 e 150 presos).

O *Reglamento penitenciario de 1956*, vixente ata 1981, introduciu leves modificacións ao respecto, ao permitir o cumprimento das penas de arresto nas prisións do partido xudicial no que se tivese cometido o delito. Asemade, permitía cumprir nas provinciais penas non superiores a dous anos, cando no momento de recibirse a folia de condena lle faltase ao condenado menos dun ano para ser posto en liberdade ou para obter a liberdade condicional. Nos restantes casos as penas cumpríanse nos establecementos de corrección ou **prisións centrais**, de ámbito estatal. Na vixente *Lei Xeral Penitenciaria* (L. O. 1/79 do 26 de setembro de 1979) xa non aparecen centros penitenciarios coa denominación de prisións provinciais.

O fondo documental da Prisión Provincial de Ourense

A información que se pode extraer dos máis de 1.000 libros e caixas procedentes da Prisión Provincial de Ourense (incluídos os das prisións habilitadas e de partido) é moi rica e pode ser aproveitada para abordar distintas temáticas dende os máis variados puntos de vista para o período que vai de 1876 a 1977. Por unha parte, permite o estudo do **aparato represivo do Estado**

a través do seu sistema penitenciario e do funcionamento das institucións penitenciarias en xeral.

A información relativa á **poboación reclusa** é a que ofrece maior diversidade de temas e posibilidade de enfoques. O extraordinario caudal de datos cuantificables permite, entre outras, unha aproximación á orixe social do delincuente e ás causas sociais e psicolóxicas do delito dende a perspectiva da criminoloxía, a socioloxía, a antropoloxía ou a historia. A documentación máis rica para este tipo de estudos pode ser a emanada das oficinas de *Réxime e Identificación* (autorizacións de saída de internos, expedientes de penados, expedien-



Fotografía do antigo edificio da Prisión Provincial de Ourense construído a principios do século XIX e situado na actual rúa do Progreso. Arquivo Visual Ourense.

tes de redención de penas, fichas de ingresos, libros de filiación, libros de rexistros de penados, estatísticas...). Os documentos da **enfermaría**, os servizos sanitarios e o **economato** permiten abordar análises vinculadas á alimentación e á saúde da poboación reclusa. Polo que respecta ao funcionamento do **réxime disciplinario** na prisión pode ser de utilidade a documentación producida na oficina de *Servizo Interior* (libros de incidencias diarias, partes de retreta...).

A documentación xerada pola escola e a oficina de *Servizos de Instrución e Educación* (estatísticas de escola e biblioteca, redención de penas polo esforzo intelectual) permite examinar estas cuestións referidas á poboación reclusa, así como coñecer os niveis de acceso á lectura nas prisións. Por último, sobre a base das fichas da sección relixiosa e os informes do capelán pódese coñecer a **práctica relixiosa** dentro da prisión, a formación do recluso nesta materia e o papel do clero no ámbito penitenciario.